



O MUSEO EN CAMIÑO

ACTIVIDADE 7

As múltiples caras de min mesmo

ACT. 7

As múltiples caras de min mesmo

FICHA TÉCNICA DA OBRA

Título: *Autocaricatura*

Autor/a: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
(Rianxo, 1886 - Buenos Aires, 1950)

Data: 1917

Técnica: Serigrafía en papel



Castelao, artista autodidacta, posúe unha innegable facilidade para debuxar, para sintetizar trazos, para captar escenas. As súas caricaturas son rápidas e de resolución moi definida. Nesta autocaricatura Castelao non se recrea en máis detalles que aqueles que considera precisos para expresar o que busca; reduce a súa aparencia ao esencial.

Un aspecto que destacar destes traballos é como Castelao ironiza, de forma reiterativa, sobre a súa elevada estatura; as pernas

longas como marca de identidade, que xunta con outros símbolos, permítennos identificar iconograficamente o personaxe: traxe xastre negro, sombreiro de ala ancha, cigarro, lentes redondas.

ACTIVIDADE

Actividade para a creación de caricaturas en gran grupo empregando a linguaxe escrita e a expresión gráfica.

Para que?

- Reflexionar sobre as características que nos definen.
- Trasladar una descrición escrita a un debuxo.
- Representar unha persoa nunha caricatura.

- Explorar as posibilidades expresivas do debuxo rápido.
- Diferenciar formas esaxeradas e formas simples.

Contidos

- A esaxeración como recurso gráfico.
- O debuxo rápido.
- A observación.
- A descrición persoal.
- A capacidade de síntese.

Como se fai?

1.º Actividade de coñecemento: en gran grupo preséntase a caricatura de Castelao para falar sobre como se fai unha caricatura. Amosaranse outras caricaturas realizadas por Castelao para comentar as características que diferencian o debuxo de caricatura (simpleza de formas, rapidez, esaxeración...) dun debuxo realista.

2.º Actividade de expresión gráfica: creación dun caderno en formato acordeón. Na primeira páxina cada neno/a fai unha descrición escrita das súas características físicas, intelectuais e emocionais. Deseguido, o caderno rota entre os/as participantes e nun segundo paso cada neno/a lee a descrición e fai unha caricatura. Deste xeito pásase o caderno tantas veces como participantes haxa.

3.º Actividade expositiva: mostra dos resultados para que as nenas e os nenos comparen e recoñezan as diferenzas e similitudes dos distintos estilo gráficos.

Duración

1:30 h.

Agrupamentos

Individual.

Materiais e recursos

- Cadernos en acordeón (tantos como participantes), lapis.
- Caricaturas feitas por Castelao e foto de Castelao.

